

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN PARA A DETECCIÓN DE CONTAMINANTES EMERXENTES NO LODO TRATADO EN ESTACIÓN DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS NO EIDO DO PROXECTO SAFESLUDGE.

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, María Pilar Bermejo Barrera, Vicerreitora de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela, con competencia para a celebración deste acto en virtude da delegación establecida na Resolución Reitoral do 26 de setembro de 2023 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG do 05.10.2023).

Os comparecentes recoñécense mutuamente con capacidade legal suficiente para a sinatura do presente acordo, e a tal efecto,

EXPOÑEN

I.- Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación e a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de

investigación e as empresas, co fin de dar unha resposta eficaz ás exixencias do cambio tecnolóxico.

II.- O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O obxecto do presente convenio alíñase coa RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo ao reto 1 (Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) e á prioridade 1 (Sostibilidade). Contribúe ao obxectivo estratéxico 1, integrándose, polo tanto, no programa Integra da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Coñecemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

III.- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento.

IV.- Que Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Polo tanto, como entidade que asume o conxunto da Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma, exerce competencias tanto na planificación, construción e explotación de obras hidráulicas como no control dos vertidos de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico.

V.- Estas entidades están interesadas en fixar unha colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, no marco do proxecto SAFESLUDGE financiado pola Axencia Estatal de Investigación (AEI) no marco da convocatoria de axudas do 2023 para proxectos de xeración de coñecemento no eido do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023 (en adiante Proxecto SAFESLUDGE), para estudar o comportamento integrado de contaminantes emerxentes, que comprenden compostos farmacéuticos e xenes de resistencia a antibióticos, utilizando esquemas innovadores para o tratamento do lodo en estacións depuradoras de augas residuais de Galicia.

Nun contexto marcado por unha preocupación crecente sobre a calidade do medio ambiente, lograr unha reutilización segura e sostible dos lodos como fertilizante en agricultura e/ou silvicultura considérase de gran valía para a identificación de novas propostas de economía circular. A abordaxe no proxecto de aspectos tecnolóxicos, analíticos e microbiolóxicos permite obter un coñecemento integral sobre o reto exposto.

Existen, polo tanto, uns obxectivos comúns en materia medioambiental e de depuración de augas residuais, polo que se considera oportuna a subscripción do presente acordo, permitindo así a colaboración interinstitucional.

VI.- Os recursos materiais, humanos e técnicos de Augas de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela complementáanse entre si, creando unha masa crítica suficiente e máis eficiente que reforzará o coñecemento e o mellor desenvolvemento de actuacións sobre a problemática do tratamento de lodos en Galicia.

Os resultados de tal cooperación serán de utilidade e beneficio mutuo e servirán para avanzar nunha mellor xestión da citada problemática. Ademais, serán de utilidade tamén para transferir coñecementos e fomentar boas prácticas no ámbito das súas respectivas competencias.

En virtude do manifestado, as partes conveñen en asinar o presente acordo conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente acordo ten por obxecto regular a colaboración no ámbito do proxecto SAFESLUDGE do grupo de biotecnoloxía ambiental da Universidade de Santiago de Compostela para estudar o comportamento integrado de contaminantes emerxentes, que comprenden compostos farmacéuticos e xenes de resistencia a antibióticos, utilizando esquemas innovadores para o tratamento do lodo en estacións depuradoras de augas residuais de Galicia.

O obxectivo principal é minimizar a presenza de fármacos e xenes de resistencia antibiótica (ARGs) no lodo tratado en estacións depuradoras de augas residuais de Galicia.

Por outra banda, un dos obxectivos específicos consiste na comparación da eficacia na eliminación de distintos fármacos seleccionados e algúns compostos

relacionados (metabolitos de excreción e produtos de transformación coñecidos) e ARGs en dixestores mesófilos a gran escala con e sen pretratamento térmico.

Segunda. Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela

A USC desenvolverá o proxecto SAFESLUDGE segundo a memoria aprobada pola AEI e, concretamente, no eido do presente acordo, realizaranse as seguintes actuacións:

- a) O grupo de biotecnoloxía ambiental da Universidade de Santiago de Compostela realizará as funcións que se recollen na Memoria de tarefas a desenvolver nas estacións depuradoras de augas residuais que xestiona Augas de Galicia dentro do proxecto SAFESLUDGE, que se achega como anexo I deste acordo.
- b) Participación de profesionais cualificados e especializados na análise de augas residuais na recollida de mostras nas estacións depuradoras de augas residuais que xestiona Augas de Galicia.
- c) Difundir a participación e colaboración das entidades participantes no acordo en todas as actividades que se realicen no eido do proxecto SAFESLUDGE.
- d) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira. Compromisos de Augas de Galicia

Augas de Galicia, coa sinatura do presente acordo comprométese a permitir o acceso ás estacións depuradoras de augas residuais que xestiona e a cooperar co persoal investigador na recollida de mostras nas estacións depuradoras de augas residuais que xestiona.

Este acordo non supón compromisos de contido económico para Augas de Galicia.

Cuarta. Seguimento do acordo

Crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada entidade, co obxecto de impulsar e velar polo desenvolvemento deste acordo, e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puidesen exporse.

A comisión de seguimento reunirase a fin de avaliar o desenvolvemento das actuacións sempre que o solicite algún dos seus membros.

A comisión de seguimento rexerese polas regras establecidas na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público relativas aos órganos colexiados.

Quinta. Confidencialidade e propiedade intelectual

As partes comprométese a non difundir a información científica ou técnica á que teñan acceso durante o período de vixencia do presente acordo e que pertenza á outra, en tanto esta información non fose obxecto de difusión xeral, ou ben a parte que desexe difundila obtivese da outra a pertinente autorización para facelo.

Así mesmo, toda información achegada por calquera das partes para o desenvolvemento deste acordo permanecerá como propiedade da parte subministradora da información.

Sexta. Entrada en vigor e duración

O presente acordo producirá efecto desde o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2027.

Sétima. Natureza do acordo

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste acordo ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade e para a debida constancia do anterior, as partes asinan electronicamente o presente documento.

Ángeles Vázquez Mejuto, presidenta de Augas de Galicia
M^a Pilar Bermejo Barrera, vicerreitora de Política Científica

En Santiago de Compostela, documento asinado electronicamente o 10 de decembro de 2025

ANEXO I

Memoria de tarefas a desenvolver nas estacións depuradoras de augas residuais xestionadas por Augas de Galicia

Tarefa 1.3. Monitorización de dixestores anaeróbicos mesófilos a gran escala con e sen pretratamento térmico.

Dentro desta tarefa preténdese levar a cabo a mostraxe de lodo nas liñas de lodos de diferentes EDARs galegas. Prevense 4 mostraxes estacionais (un por estación: verán, outono, inverno e primavera).

As tarefas de mostraxe levaranse a cabo en colaboración co persoal da EDAR. Tomaranse tres mostras de cada punto de mostraxe. Os puntos de mostraxe serán: entrada a tratamento térmico, saída tratamento térmico-entrada dixestor anaeróbico, saída dixestor anaeróbico e saída de EDAR. Para tentar pechar os balances de masa, tamén se tomarán mostras de influente e efluente da EDAR.

As mostras serán transportadas refrixeradas ao laboratorio de análise polo persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

Os resultados obtidos serán tratados con total confidencialidade. Aqueles resultados susceptibles de publicación científica non indicarán a cidade de orixe da EDAR muestreada.

Dependendo dos resultados obtidos pódese expor facer unha segunda mostraxe estacional.